

» Inicio » » Arquivo de novas » Outras novas » A Universidade de Almería crea un videoxogo para detectar condutas vencelladas a trastornos mentais

- » Inicio
- » Obxectivos
- » Observatorio
- » Software Libre en Galego
- » Software Libre na PEME
- » Casos de éxito
- » Axenda de eventos
- » Descargas
- » Arquivo de novas

Colabora!

- » A Forxa
- » Traduce co Entrans
- » Wiki
- » Listas de correo
- » Movemento asociativo

Axuda

- » Foros de dúbidas
- » FAQ
- » Ligazóns
- » Mapa do Web

Formulario de acceso

Nome de usuario

Contrasinal

Lémbreme

[Esqueceches o contrasinal?](#)
Aínda non tes unha conta? [Crea unha](#)

A Universidade de Almería crea un videoxogo para detectar condutas vencelladas a trastornos mentais



escrito por touriño o Martes, 18 de Novembro do 2008

O programa foi elaborado coa aplicación libre de animación en 3D, Blender

Investigadores da [Universidade de Almería](#) traballan no desenvolvemento dun simulador en tres dimensións co que se poderá detectar futuras condutas relacionadas co consumo de substancias, trastornos mentais e acoso escolar no ámbito educativo. Con esta finalidade constituíuse un equipo multidisciplinar, dirixido por [Adolfo Javier Cangas](#), no que colaboran membros da [Unidade en Enxeñaría en Computación Gráfica do grupo de investigación en Informática Aplicada](#) (dirixido por Luís Iribarne) e diferentes especialistas da psicoloxía e a psiquiatría.

Para iso os expertos da UAL desenvolveron un programa de computador que recrea diferentes conflitos presentes nos centros educativos e algunhas situacións dos lugares de lecer e o ámbito familiar. Os participantes deben seleccionar entre diferentes alternativas a que representa mellor a súa forma habitual de comportarse. O obxectivo é atopar como reaccionan os mozos ante este tipo de situacións e se as están vivindo ou non.

Como destaca Adolfo Cangas, "as novas tecnoloxías ofrecen un novo campo de traballo no ámbito da avaliación con adolescentes xa que, por unha banda, estes están moi familiarizados co seu uso (o que fai que sexa un instrumento moi próximo para eles) e, por outro, a simulación a través do computador é un medio moi versátil que permite recrear con gran realismo múltiples escenarios" é así como facilita aos novos achegarse dun modo realista a este tipo de situacións, o que mellora a fiabilidade e validez das súas respostas.

O proxecto, financiado polo [Ministerio de Sanidade e Consumo](#), iniciouse a principio de novembro de 2007 e na actualidade recreáronse dez dos quince escenarios que comporá finalmente o programa informático, que terá unha duración aproximada de vinte e cinco minutos. Posúe unha versión en función do xénero e, cando estea finalizado, preténdese aplicalo a uns tres mil escolares de diferentes centros educativos. Na súa elaboración utilizouse o programa de software libre [BLENDER](#), facilitando con isto que o simulador 3D poida ser utilizado en calquera tipo de computador e sistema operativo.

Fonte: [Cibersur.com](#)



Artigos relacionados

- [Dispoñibles os DVDs do xogo open source Yo Frankie!](#)
- [libro e CD de Blender Gamekit gratis](#)
- [Party Galaecia.net 2008 o 8, 9 e 10 de agosto en Vilagarcía](#)
- [Primeira demo xogable de Apricot Open Game, xogo en Software Libre](#)
- [Publicada unha nova versión do programa de deseño 3D, Blender](#)

[\[Atrás \]](#)

2008 Mancomun.org - Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galicia
Esta obra está baixo unha [licenza de Creative Commons](#)

Feito con Joomla!



Destacado

- » [Descarga o OpenOffice.org 3.0.0 en galego](#)
- » [Xa temos versión oficial en galego de Firefox 3](#)
- » [Mancomun convoca tres nova prazas de técnico en Software Libre](#)
- » [Mancomun achegará 55.000 euros aos GGUL para a promoción do Software Libre](#)

Destacado en A Forxa

- Proxectos recentemente rexistrados**
- [Portal Comercio Electrónico Multitenda \(18/11\)](#)
- [xesRURAL-Xestión Casas Rurais de Galiza \(17/11\)](#)
- [Módulos e aplicacións para SIX \(17/11\)](#)
- [ERP/TPV baseados en tecnoloxías web/java \(14/11\)](#)
- [Aitire API for Joomla! \(14/11\)](#)
- [GMDiccionariosGalego \(13/11\)](#)
- [BlueSS Server for Linux \(21/10\)](#)
- [Vídeo Estereoscópico \(19/10\)](#)
- [Katmus \(16/10\)](#)
- [Testing novas características da forxa \(16/10\)](#)